

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN - ESO

Estes criterios están baseados nos artigos 28 e 29 da ORDE do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, e concretados na CCP do día 3 de abril de 2024.

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN – ESO

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.

Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a **media aritmética das cualificacións** obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que a **suma dos períodos lectivos semanais** establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, **das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez**. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.


d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

f) O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, entenderá que se cumpren as liñas c), d) e e) nos seguintes casos:

- **No caso de avaliación negativa en tres materias e a nota media destas sexa superior a 3.**
- **No caso de avaliación negativa en catro ou máis materias e as súas notas non sexan inferiores a 4.**

g) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.



## CRITERIOS DE TITULACIÓN - ESO

O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria .

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.


b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

d) O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, entenderá que se cumpren as liñas b) e c) nos seguintes casos:

- **No caso de avaliación negativa nunha ou en dúas materias SEMPRE QUE teñan presentados todos os traballos obrigatorios, realizadas todas as probas finais, así como as actividades de avaliación determinadas na programación da materia correspondente.**
- **No caso de avaliación negativa en tres ou máis materias e as súas notas non sexan inferiores a 4.**

e) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de titulación terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.



## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN - BACHARELATO

Estes criterios están baseados nos artigos 30 e 31 da ORDE do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, e concretados na CCP do día 3 de abril de 2024.

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN - BACHARELATO

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando **superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.**

### CRITERIOS DE TITULACIÓN - BACHARELATO

Será necesaria a **avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato** para a obtención do título de bacharel.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa **igual ou superior a cinco**. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

b) Competencias e obxectivos da etapa acadados:

Sen prexuízo do anterior, no caso de que a materia non superada sexa unha das materias comúns ou troncais da modalidade de bacharelato cursada, considerarase que se acadaron os obxectivos e se adquiriron as competencias **se a súa nota é igual ou superior a 3**.

c) Non inasistencia continuada sen xustificar:

Considerarase inasistencia continuada **cando a alumna ou o alumno alcance o cuádruplo de faltas inxustificadas que o número de clases semanais da devandita materia**. Previamente, ao acadar o 50% desa cifra, o responsable da materia deberá enviar comunicación aos responsables legais da alumna ou alumno.

d) Probas e actividades necesarias, incluídas as extraordinarias feitas:

**A non presentación de traballos obrigatorios, a non realización de probas finais e outras actividades de avaliación determinadas** na programación da materia correspondente, imposibilitará a titulación na excepcionalidade regulada neste punto.